



EXPTE.: 80/142

TRÁMITE: INFORME XUSTIFICATIVO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DO 2024 DA CONCELLERÍA DE EMPREGO

INFORME

A petición da terceira tenente de alcalde e concelleira da área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude emítese o seguinte informe xustificativo respecto das subvencións nominativas remitidas pola unidade administrativa de **Desenvolvemento Local e Emprego** para a súa inclusión no orzamento do ano 2024:

- DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO:

I. Subvencións para fomento de emprego dos colectivos prioritarios: mulleres vítimas de violencia, xente moza e persoas en risco de exclusión social (encadrárianse dentro da Área de responsabilidade política de Emprego, dentro dos *Plans de Emprego*):

Subvencións nominativas encadradas no marco das medidas de fomento do emprego e de apoio ás persoas desempregadas en todas as súas vertentes, especialmente dirixidas aos colectivos prioritarios, impulsadas pola Concellería, polas que o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades e asociacións máis significativas no seu ámbito, no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, que redundan en beneficio da cidade.

- CONVENIO EMPREGO COA REDE DE MULLERES CONTRA OS MALOS TRATOS (G36928646), con cargo á partida orzamentaria 24104800007, por importe de 50.000 €:

O convenio ten por obxecto instrumentar unha subvención nominativa á “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos” no marco do plan municipal de emprego, para a potenciación do acompañamento e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, cara a súa reincorporación sociolaboral e fomento en todos os ámbitos sociais da eliminación da violencia mediante técnicas de prevención e concienciación social.

Dada a falta de persoal especializado na formación, acompañamento e apoio destas mulleres na cidade, outórgase a presente subvención nominativa á Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” como única entidade inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións, dedicada exclusivamente á atención a mulleres en situación de maltrato, e polo seu especial coñecemento da situación destas mulleres na cidade de Vigo.

O que se informa aos efectos oportunos.

Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local
(Resolución do 11/04/2022)
Carla Candia Paz

Vigo, na data da sinatura dixital

A Terceira Tenente de Alcalde e Concellera delegada da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (Resolución de Alcaldía de 19/06/2023, BOP núm. 124 de 28/06/2023).- Elena Espinosa Mangana



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/11/2023 12:13	Páxina 1 de 1
80-142	CSV: A6AB36-44BAE3-B8BD47-KHTHCQ-8GQPM6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		